

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 12 e 14 de decembro de 2011, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de edificacións sitas na avda. Coruña, número 410, e rúa Xenebro, números 3 e 5; para construír unha vivenda unifamiliar na rúa Couselo, número 1, núcleo rural tradicional de Souto, parroquia de Lugo-Albeiros (San Lourenzo); para instalación de ascensor no edificio sito en solo urbano, na rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 42; para a reposición de cuberta dun alpendre no núcleo rural tradicional de Burgo, parroquia de San Vicente do Burgo; e para modificación na localización do garaxe con licenza número 304/11, vinculado a vivenda unifamiliar, con licenza número 338/87, sita no núcleo rural tradicional de Bosende de Arriba, número 49, parroquia de San Pedro Fiz de Muxa.

2. XESTIÓN.- Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o “Proxecto de expropiación dos inmobles lindantes co Concello de Lugo correspondentes á unidade edificatoria 1101 do PEPRI para o desenvolvemento do planeamento”.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, así como a apertura do procedemento de contratación para a subministración mediante lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e dun camión dispensador de grava para o Parque Móbil municipal mediante alugamento financeiro (operación de leasing).

Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e a adxudicación por procedemento negociado, así como a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación das obras de rexeneración de firmes na estrada de Argonde a Vilachá.

4. INTERVENCIÓN.- Acórdase aprobar o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Lugo correspondente ao exercicio do ano 2012 e documentos complementarios.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de edificio na rúa Castro Gil, 6-8-10.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase a aprobación da oferta de emprego público do ano 2011.

Lugo, 22 de decembro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García